

Da utopía á realidade: A implementación de varias actividades de Aprendizaxe-Servizo nunha mesma materia

Servia, María J.

Facultade de Ciencias Universidade da Coruña.

RESUMO

Os proxectos de Aprendizaxe-Servizo (ApS) poden resultar atractivos para estudantes e profesores polas múltiples oportunidades que ofrecen para a mellora na formación en contidos e a adquisición de competencias transversais. Porén, tamén esixen unha planificación moi coidadosa e un seguimento exhaustivo, o que fai que o número de alumnos que xeralmente poden participar nestas actividades sexa reducido. Co obxectivo de ampliar a oferta de prazas para participar en ApS, na actualidade ofrécense dous proxectos diferentes na materia de Etoloxía (cuarto curso do Grao en Bioloxía da Universidade da Coruña). O primeiro faise en colaboración coa Asociación Protectora de animais Gatocan, e ten como obxectivo promover a adopción de animais e reducir o seu abandono mediante a publicación de artigos no boletín electrónico da asociación. O segundo faise en colaboración co Concello de Oleiros e ten como obxectivo a divulgación e formación do público sobre os problemas relacionados cunha especie invasora. Así, nesta comunicación destácanse os aspectos máis críticos relacionados coa planificación, seguimento e resultados das ApS, así como outras cuestións derivadas de posibles desequilibrios entre os proxectos.

PALABRAS CLAVE: xestión de grupos, comportamento animal, mascotas, *Vespa velutina*.

CITA RECOMENDADA:

Servia, M.J. (2019): Da utopía á realidade: A implementación de varias actividades de Aprendizaxe-Servizo nunha mesma materia. En De la Torre Fernández, E. (ed.) (2019). *Contextos universitarios transformadores: construíndo espazos de aprendizaxe. III Xornadas de Innovación Docente*. Cufie. Universidade da Coruña. A Coruña (pág. 415-424).

DOI capítulo: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497121.415>

DOI libro: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497121>

ABSTRACT

Learning-Service Projects (LSP) may be attractive both for students and teachers because of the multiple opportunities they offer to help students achieve transversal competencies. However, LSP activities demand detailed planning and thorough monitoring, thus limiting the maximum number of students that can participate in those projects. With the aim of increasing the number of students that can enrol for LSP, at present two different projects are offered for the subject of Ethology (fourth course of Grade in Biology at the University of A Coruña). The first project entails collaboration with the Animal Protection Association Gatocan, and the objective of the service is to promote pet adoption and reduce abandonment through the publication of articles in the electronic journal of the association. The second project involves science dissemination and education of the inhabitants of the Council of Oleiros on the problems associated to an invasive species. Thus, in this communication critical aspects are highlighted for the planning, monitoring and results of LSP projects, as well as other questions derived from potential disequilibria between projects.

KEY WORDS: group management, animal behaviour, pets, *Vespa velutina*.

1. INTRODUCCIÓN

Os proxectos de Aprendizaxe-Servizo (ApS) gozan de boa aceptación en numerosos centros educativos de distintos niveis, e resulta sinxelo atopar páxinas web onde se promoven este tipo de actividades na educación superior (ver, por exemplo, Campus Compact, 2018). Así, tanto institucións como autores destacan os numerosos beneficios deste tipo de proxectos para alumnos, profesores, institucións e mesmo para as comunidades nas que se atopan. En España existen exemplos de programas institucionais e múltiples experiencias en moitas universidades (Santos Rego *et al.*, 2016). Con todo, a posta en marcha de proxectos ApS require dunha excelente planificación e dun seguimento exhaustivo para que funcionen correctamente, o que xeralmente limita o número de alumnos que poden participar.

Nesta comunicación presentase unha experiencia de implementación de dous proxectos ApS nunha mesma materia do Grao en Bioloxía, revisando de xeito crítico diversos aspectos relacionados coa planificación, seguimento e resultados dos mesmos, así como outras cuestións derivadas de posibles desequilibrios entre eles.

2. DESCRICIÓN DA EXPERIENCIA

A materia de Etoloxía (6 créditos ECTS) impártese como optativa no cuarto curso do Grao en Bioloxía da Universidade da Coruña a un número de alumnos que ronda os 50. Trátase dunha materia onde se aborda o estudo do comportamento animal e, entre as actividades avaluables, inclúese a elaboración dun traballo de investigación obrigatorio (formato final: presentación, vídeo ou póster) que debe ser explicado en clase. Na actualidade este traballo pode substituírse, de xeito voluntario, por unha actividade de Aprendizaxe-Servizo (ApS) aliñada con algún dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU.

A oferta de APS nesta materia iniciouse no curso 2016-2017, cunha primeira experiencia de colaboración coa Asociación Protectora de Animais Gatocan (<http://www.gatocan.com/>), que continúa na actualidade (Figura 1). Nela os alumnos deben investigar sobre problemas de comportamento de mascotas que poidan levar ao seu abandono, ofrecendo como servizo

unha serie de artigos de divulgación para o boletín electrónico da asociación e/ou charlas a impartir en centros de ensino. Así, esta actividade alíñase co ODS 12 relativo á produción e consumo responsables (Meta 12.8 “Asegurar que as persoas de todo o mundo teñan a información e os coñecementos pertinentes para o desenvolvemento sostible e os estilos de vida en harmonía coa natureza”).



Figura 1: Encabezado dun dos artigos publicados no boletín electrónico de Gatocan.

A segunda ApS da materia estase a levar a cabo co Concello de Oleiros (<http://www.oleiros.org>) dende o curso 2018-2019. Nela os alumnos deben investigar sobre a morfoloxía, comportamento e ecoloxía da avéspera asiática (*Vespa velutina*), de xeito que poidan informar a poboación para que se entendan mellor os problemas de xestión que está a causar esta especie invasora. A actividade enmárcase dentro do ODS 15, que pretende acadar a xestión sostible dos bosques, loitar contra a desertificación, deter e inverter a degradación das terras e deter a perda de biodiversidade. Dentro deste, a actividade ApS contribúe a acadar a meta 8: “Para 2020, adoptar medidas para previr a introdución de especies exóticas invasoras e reducir de forma significativa os seus efectos nos ecosistemas terrestres e acuáticos, e controlar ou erradicar as especies prioritarias”. Así, a actividade levada a cabo este ano foi o

deseño e preparación dun taller informativo que se desenvolveu na Feira do Mel de Oleiros en novembro de 2018 (Figura 2).



Figura 2: Recensión da actividade ApS en Oleiros feita pola Casa do Mel de Goente.

3. RESULTADOS

No curso 2016-2017 participaron 4 alumnos na ApS de Gatocán (10% do total da materia), pasando a ser 7 no curso 2017-2018 (14%). No actual curso 2018-2019 participan 8 alumnos na ApS de Gatocán e 14 na ApS de Oleiros (43%).

Este aumento na oferta de ApS e na participación de alumnos, que era o obxectivo principal da iniciativa, cumpriu sobradamente as expectativas iniciais. Con todo, a implementación de varios proxectos de ApS nunha mesma materia presenta diversos aspectos críticos. Entre eles podemos destacar:

- A complexidade que supón a coordinación con varias entidades receptoras. Así, as negociacións relacionadas co establecemento de obxectivos e actividades a desenvolver, así como as persoas coas que contactar poden supoñer un esforzo e

custos de tempo moi importantes. No caso que se trata, unha das entidades ten un único interlocutor con responsabilidades organizativas e de xestión, co cal as negociacións son, polo xeral, sinxelas e curtas. Polo contrario, no caso do Concello de Oleiros, mesmo se a atención e colaboración de todos os interlocutores foi excelente, a organización da actividade requiriu manter contactos con diversos departamentos e persoas, o que alongou o proceso. Esta inversión de tempo debe ser tida en conta no momento da planificación, xa que a inflexibilidade e requirimentos de moitas das actividades docentes poden supoñer un obstáculo para a boa marcha das ApS e pode levar á renuncia a participar neste tipo de proxectos (Heffernan, 2001).

- A xestión dos grupos de alumnos, xa que o feito de ter varias ApS supón ter que organizar correctamente varios grupos e, se estes son numerosos, mesmo subgrupos dentro deles, cada un con tarefas e responsabilidades que deben ser diferentes pero que requiran esforzos similares e favorezan a aprendizaxe. Por exemplo, no caso dos artigos que os alumnos preparan para o boletín electrónico de Gatocan o esforzo dos subgrupos pode ser facilmente axustado e as aprendizaxes poden ser similares. Pola contra, a preparación e desenvolvemento do taller sobre a avéspera asiática na Feira do Mel de Oleiros esixiu un maior esforzo para equilibrar o traballo dos subgrupos (5 en total), xa que era unha actividade aberta ao público na que os materiais dalgúns deles podían resultar moito mais atractivos que os de outros. Este equilibrio no esforzo realizado por cada membro, así como a xestión das dinámicas que se xeran dentro dos grupos, son aspectos que deben atenderse, xa que poden ter un impacto importante na aprendizaxe dos alumnos (Lambright & Lu, 2009).
- O seguimento e revisión dos materiais producidos, que poden multiplicar o número de titorías e dificultan o control da súa calidade, mais aínda cando os prazos establecidos polas entidades receptoras son curtos. Este aspecto é de vital importancia se se pretende que a aprendizaxe dos alumnos e a calidade do servizo sexan significativos e non deixen como pouso unicamente a parte lúdica (ver por

exemplo McReynolds, 2014). Ademais, está en xogo tamén a imaxe da institución e das entidades receptoras, xa que as actividades mencionadas son accesibles a todo tipo de público (lectura do boletín electrónico de Gatocan e participación na Feira do Mel de Oleiros).

- A avaliación da actividade e da aprendizaxe implica a selección de criterios obxectivos e aptos para ambos proxectos, así como a adaptación ou correspondencia destes criterios con proxectos non ApS para os alumnos non participantes. No caso da materia de Etoloxía, elaborouse unha rúbrica xeral que fose válida para todos os proxectos da materia, ApS ou non. Con todo, o que resulta mais difícil de axustar é o peso de cada criterio, debido á diferente natureza das distintas actividades.
- O risco de que todo o curso xire ó redor das ApS, xa que a maior implicación dos participantes e, con frecuencia, o maior esforzo requirido poden xerar agravios comparativos con alumnos que non desexan ou non poden participar neste tipo de proxectos. Isto foi destacado xa en cursos pasados por algún dos alumnos participantes na ApS Gatocan.
- A necesidade de xestionar o posible descontento debido ao diferente impacto ou interese dos materiais e actividades realizados dentro das distintas ApS e as actividades non ApS. Palmer & Savoie (2002) destacan, por exemplo, o feito de que as entidades receptoras do servizo poden en ocasións requirir que os alumnos realicen tarefas que non están claramente relacionadas co proxecto ApS ou mesmo coa súa futura profesión. Así, o feito de que nunha mesma materia se desenvolvan varios proxectos podería incrementar a posibilidade de que xurdan estas disfuncións. No caso das ApS que se tratan en ningún caso se detectou este problema, pero si se recibiron comentarios tanto sobre a diferente atención recibida por parte dos receptores do servizo como sobre o interese das actividades.

4. CONCLUSIONES

Unha característica común aos proxectos ApS é que levan asociado un certo grao de incerteza, ao seren actividades realizadas fóra do medio habitual de ensinanza e que inclúen a participación de axentes externos. Así, o bo funcionamento dos aspectos revisados no apartado anterior pode escapar ao control do profesor, e resulta especialmente difícil asegurar o éxito das ApS cando se organizan varias dentro da mesma materia. Ademais, aínda que poida resultar interesante para o docente explorar a formación en contidos dun xeito alternativo mediante varios proxectos deste tipo, o custo da súa organización e xestión pode ser excesivo e ir en detrimento do resultado final para os alumnos (Butin, 2006).

Por isto, se a fin última é conseguir unicamente ampliar a oferta de prazas para a participación dos alumnos en ApS, é posible que resulte máis interesante ampliar un só dos proxectos. Pola contra, o feito de contar cunha oferta variada de ApS permitirá aos alumnos elixir un tema máis acorde cos seus intereses, o que aumentará a súa implicación e redundará, sen dúbida, nun mellor funcionamento dos proxectos.

5. AGRADECIMENTOS

O éxito dos proxectos de Aprendizaxe-Servizo presentados neste traballo conseguíuse grazas á boa disposición e colaboración do persoal das entidades receptoras do servizo, a Asociación protectora de animais Gatocan e o Concello de Oleiros. Ademais, quero agradecer expresamente aos membros de Protección Civil de Oleiros a cesión de niños e exemplares de avespa asiática para a realización do taller.

6. REFERENCIAS

Butin, D. W. (2006). The limits of Service-Learning in Higher Education. *The Review of Higher Education*, 29 (4), pp. 473-498.

Campus Compact (2018). *Service-Learning*. Consultado o 03/12/2018 en <https://compact.org/initiatives/service-learning/>

Heffernan, K. (2001). Service-Learning in Higher Education. *Journal of Contemporary Water Research and Education*, 119 (1), pp. 2-8.

Lambright, K. T. & Lu, Y. (2009). What impacts the Learning in Service Learning? An examination of project structure and student characteristics. *Journal of Public Affairs Education*, 15 (4), pp. 425-444.

McReynolds, M. (2014). A new era for Service-Learning: Designing an intentional high impact practice. *Journal of Service Learning in Higher Education*, 3, pp. 81-101.

Palmer, C. E., Savoie, E. J. (2002). Challenges to connecting Sociology and Service Learning. *Sociological Practice: A Journal of Clinical and Applied Sociology*, 4 (1), pp. 89-97.

Santos Rego, M. A., Sotelino Losada, A. & Lorenzo Moledo, M. (2016). *Aprendizaje-Servicio e innovación en la universidad*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela Publicacións.

